

CONVOCATORIA PARA A SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DO COMPLEMENTO POR MÉRITOS DOCENTES (2023)

O Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, modificado polos Reais Decretos 1949/1995, 74/2000, 1325/2002 e 1112/2015, ao regular o complemento específico, establece entre os seus compoñentes un "compoñente por méritos docentes". Para o recoñecemento deste, o profesorado universitario pode someter a actividade docente realizada cada cinco anos a unha avaliación ante a Universidade.

O artigo 31 do II Convenio Colectivo de Persoal Docente e Investigador Laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, de 26 de xaneiro de 2011, establece que o persoal docente e investigador laboral, en función da natureza do seu contrato, perciba complementos polos mesmos conceptos retributivos e con igual tratamento que o persoal docente e investigador funcionario.

Co obxecto de que todo o profesorado que reúna as condicións poida ser avaliado e se lle recoñezan, de ser o caso, os tramos que correspondan deste compoñente do complemento específico ou complemento laboral equivalente e conforme aos criterios aprobados polo Consello de Goberno o día 22 de decembro de 2011 e tendo en conta os fallos do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, de 11 de abril de 2018 e de 3 de marzo do 2021, e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 22 de marzo de 2022 en relación á convocatoria de avaliación de méritos docentes do 2019, nas que se establece a obriga de incluír expresamente o persoal posdoutoral dos programas *Ramón y Cajal*, *Beatriz Galindo*, posdoutorais da Xunta de Galicia denominados I2C, Juan de la Cierva, Marie Curie e Torres Quevedo, esta Reitoría resolve aprobar a presente convocatoria con suxeción ás seguintes bases:

1. Obxecto da convocatoria

O propósito desta convocatoria é recoñecer o compoñente por méritos docentes do complemento específico ao profesorado dos corpos docentes universitarios, e do complemento equivalente ao profesorado contratado doutor, colaborador fixo, laboral fixo asimilado a profesor colaborador, axudante doutor e interino de substitución, e persoal posdoutoral con encargo docente, con contrato regulado polo Estatuto dos Traballadores e polo Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo correspondente ao ano 2023.

2. Requisitos das persoas solicitantes

Poderá solicitar a avaliación o profesorado universitario mencionado na base 1 no que concorran os seguintes requisitos:

1. Estar en servizo activo na USC.
2. Ter prestados con data do 31 de decembro de 2023 un mínimo de cinco anos de servizos docentes a tempo completo ou equivalente. O tempo prestado con dedicación a tempo parcial será valorado cun coeficiente redutor de 0,5.

3. Non ter sido sancionado mediante expediente disciplinario no período para o que solicita o recoñecemento. No caso de ter sido sancionado non se avaliará o tempo correspondente ao curso en que se cometeu a falta, ou ao curso en que se ditou a sanción, de ter cometido a falta antes do período para o que se solicita o recoñecemento.

3. Presentación de solicitudes

- 3.1. As persoas interesadas deberán cubrir e asinar o formulario electrónico de solicitude de avaliación de méritos docentes:

https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/SPPDI_AvalacionMeritosDocentes.htm

Deberase incluír anexa á solicitude, en formato PDF e preferiblemente nun so ficheiro, a documentación acreditativa indicada na base cuarta desta convocatoria, tanto a de carácter xeral como, de ser o caso, a documentación relativa a aqueles aspectos curriculares desenvolvidos en universidades ou centros de investigación distintos á Universidade de Santiago de Compostela e non acreditados no expediente persoal dos solicitantes.

- 3.2 O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día **15 de decembro de 2023 ata o 30 de xaneiro de 2024**.

3.3 Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes que non se presenten a través do procedemento sinalado (a través do formulario electrónico da USC), as que se presenten fóra do prazo establecido ou aquelas outras que non cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria.

4. Documentación que é preciso achegar á solicitude

- 4.1 Con carácter xeral:

- Formulario de *solicitude de avaliación de méritos docentes* que está a disposición das persoas interesadas na Secretaría Virtual do Profesorado https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/SPPDI_AvalacionMeritosDocentes.htm
- Informe sobre a actividade e cumprimento das obrigas docentes do profesorado emitido polo Consello do Departamento ou, de ser o caso, pola Comisión Permanente, coa indicación da data de delegación da dita función.
- Informe sobre a actividade e cumprimento das obrigas docentes do profesorado emitido pola Xunta de Centro ou, de ser o caso, pola Comisión Permanente, coa indicación da data de delegación da dita función. Para o caso dos másteres universitarios nos que a Xunta de Centro non poida informar sobre a actividade e cumprimento das obrigas docentes, será suficiente o informe da Comisión Académica do máster universitario.
- Informe asinado do profesor/a solicitante (extensión máxima de 5 folios a dobre espazo).

- 4.2. Persoal Docente e Investigador que prestara servizos docentes noutras universidades:

- Folla de servizos da universidade, na que se especifique o tempo durante o que prestaron servizos coa súa dedicación.
- Informe do departamento de orixe sobre o labor docente desenvolvido pola persoa solicitante.

4.3 Persoal Docente e Investigador que prestara servizos cunha bolsa ou contrato de investigación noutra universidade

- Certificación emitida pola entidade que concedese a bolsa, na que deberán indicarse as datas de inicio e remate efectivos. Non será acreditación suficiente a presentación da credencial de concesión da bolsa. Este mérito poderase acreditar tamén mediante un documento emitido pola entidade receptora no que se certifique o tipo de bolsa ou contrato e a súa duración efectiva.
- Certificación da actividade docente desenvolta durante a bolsa ou contrato.

4.4 Persoal Docente e Investigador que desenvolvera actividades en centros ou organismos públicos de investigación cunha bolsa ou contrato de investigación

- Certificación de servizos prestados, expedida pola autoridade competente.
- Certificación da actividade docente desenvolta durante a bolsa ou contrato.

4.5 Profesorado que desempeñara cargos académicos ou gozara de licenzas de ano sabático noutra universidade

- Certificación expedida pola autoridade competente na que consten as datas de inicio e fin.

4.6 As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. O Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

4.7 Os documentos acreditativos emitidos nunha lingua estranxeira deberán presentarse traducidos de xeito oficial a calquera destas linguas: español, galego ou calquera dos idiomas cooficiais das comunidades autónomas do Estado que así os recollan nos seus estatutos de autonomía.

5. Tramitación e resolución das solicitudes

5.1 O Servizo de Planificación de PDI revisará e ordenará os expedientes, que serán levados pola Vicerreitoría de Profesorado a informe da Mesa de Negociación Sindical do PDI. Con posterioridade, serán trasladados á Comisión de Organización Académica e Profesorado, que fará a proposta de recoñecemento de complementos por mérito docente, ou, de ser o caso, a de denegación, ao Consello de Goberno para a súa aprobación e previo acordo do Consello Social da Universidade.

5.2 As solicitudes presentadas fóra dos prazos establecidos ou as que non reúnan os requisitos establecidos na convocatoria serán inadmitidas directamente pola Vicerreitoría de Profesorado.

5.3 A resolución da convocatoria farase conforme aos criterios aprobados polo Consello de Goberno do 22 de decembro de 2011.

5.4 Resolta a convocatoria, o reitor ditará resolución na que se fixarán os tramos correspondentes e os efectos económicos que puideran corresponder a cada unha das persoas solicitantes que, con carácter xeral, serán dende o 1 de xaneiro de 2024.

5.5 A Vicerreitoría de Profesorado notificará ás persoas interesadas os acordos dos órganos de goberno da USC relativos a este procedemento.

6. Información sobre o procedemento

6.1 As persoas interesadas poderán obter información sobre esta convocatoria no Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, nas extensións 11044, 11052 e 11051.

6.2 A presente convocatoria publicárase no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>). Ademais, poderase consultar na páxina web do Servizo de Planificación de PDI (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PDI/Complementos>)

7. Protección de datos de carácter persoal

A política de privacidade e protección de datos da USC está publicada no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor
Antonio López Díaz

Taboleiro electrónico da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
15/12/2023 09:54:56.

CSV: 566C-6E29-4AF3-97C9